



CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18
<http://www.concellodebecerreá.com>

EXPEDIENTE Nº: 1060/2017

Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá.

CERTIFICO: Que polo señor Alcalde-Presidente adoptouse con data 13 de novembro de 2017, Resolución do seguinte teor literal:

"Decreto.- En Becerreá a data consignada ao marxe.

Visto o Decreto desta Alcaldía de data 8 de novembro no que se resolve iniciar o procedemento que rexerá a selección de persoal para prover a contratación de UN (1) TRACTORISTA e ordear a realización de cantos trámites sexan necesarios para a tramitación deste expediente.

A vista disto e elaboradas as bases que rexerán o proceso selectivo, esta Alcaldía en uso do artigo 21.1.g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal, e a convocatoria para o acceso á contratación de *UN (1) TRACTORISTA no marco do PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017 incluído no PLAN UNICO DE COOPERACIÓN cos Concellos promovido pola Deputación Provincial de Lugo* mediante contrato por obra ou servizo determinado, ata o 31 de outubro de 2018 a xornada completa e que son as seguintes:

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL TRACTORISTA QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DE BECERREÁ AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017/PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017".

1.-OBJECTO

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases e da correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de: **UN/HA TRACTORISTA** para seren contratados como persoal laboral temporal ao abeiro do "**PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017**" incluído no PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017 e que se configura como un plan destinado a favorecer a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se contraten.

O Concello de Becerreá comparte coa Deputación Provincial de Lugo o interese no desenvolvemento de políticas activas de emprego que fomenten a súa creación. En concreto mediante o "**PROGRAMA DEPUEMPREGO**" o Concello de Becerreá pretende contratar a dous traballadores con diferente nivel de cualificación como medida para paliar a actual conxuntura de falla de emprego en concordancia coa Estratexia Europea 2020 que ten como prioridade unha economía que empregue máis eficazmente os recursos, que sexa máis verde e máis competitiva. Os recursos que deben ser eficiente e eficazmente empregados, dos que dispón o Concello de Becerreá e que constitúen a nosa principal riqueza, son os vinculados aos recursos naturais, de ahí que se pretenda articular as políticas de fomento do emprego coas de posta en valor do noso territorio, principal e practicamente única fonte de riqueza nun concello sen actividade empresarial salientable e menos aínda industrial ofrecendo aos seus participantes, traballadores desempregados, a posibilidade de obter unha formación e práctica profesional precisamente no sector vinculado aos recursos naturais.

En concreto, se pretende contratar a persoal para a realización de tarefas de conservación e mantemento de camiños e accesos a núcleos de poboación 2017/18, así como para planificar as tarefas de prevención mediante a conservación e mantemento do solo e biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios forestais, na campaña que se inicia agora ata

outubro de 2018, e a creación de emprego temporal, rematándose os contratos o 31 de outubro, data na que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de **oposición**.

1.4. A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá así como na páxina web do Concello de Becerreá e da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

Os contratos laborais que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, para a realización de tarefas de conservación e mantemento de camiños e accesos a núcleos de poboación 2017/18 e a creación de emprego temporal, **rematándose os contratos o 31 de outubro de 2018**, data na que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego, a xornada completa.

3. FUNCÍONS.

Traballos urxentes e inaprazables no marco do fomento do emprego tales como: acondicionamento, mantemento e limpeza mediante roza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, rutas turísticas, limpeza e mantemento básico do tractor na campaña que se inicia agora ata outubro de 2018.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen



CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18
<http://www.concellodebecerreia.com>

separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Figurar inscritos como demandantes de emprego no Servizo Galego de Colocación da oficina de Emprego de Becerreá e resultar preseleccionados logo da presentación da oferta que efectúe o Concello nos modelos normalizados ao efecto. Unha vez recibida a oferta, a oficina de emprego realizará unha sondaxe de demandantes en función das características desta e atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado

f) Titulación: Non se require titulación.

g) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B1.

5. SOLICITUDES

5.1. Unha vez sexan **preseleccionados pola Oficina de Emprego de Becerreá** e estean interesados, a solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ao modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirse ao Sr. Alcalde do Concello de Becerreá, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a comunicación ao Concello dos candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego de Becerreá.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. As ou os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e una declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou ao aspirante vive ás súas expensas ou está oa seu cargo.

b) Carnet de conducir.

c) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.

d) Declaración responsable, asinado pola ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou polo aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

As solicitudes poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Faise constar que á data de hoxe non se atopa habilitada a sede electrónica do Concello de Becerreá.

6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, e na páxina web do Concello, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indícarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.



CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18
<http://www.concellodebecerreia.com>

Vogais: Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entraboloos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

Consistirá na realización dunha proba práctica relativa a algún dos labores e funcións a levar a cabo no posto de traballo que se convoca e encamiñada a demostrar a capacidade do aspirante para a realización das funcións propias do posto de traballo valorándose a calidade e rapidez na execución das tarefas. En concreto poderá consistir na realización de traballos silvícolas de xeito mecanizado con tractor desbrozador, traballos de acoplar a desbrozadora á toma de forza do tractor, enganche de apeiros e máquinas ao traballar, realización de labores de mantemento e conservación da maquinaria, circulación de tractores por rutas e camiños e normas de circulación polos mesmos, normas de seguridade e hixiene de aplicación no traballo en vías públicas e EPIS.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala.

9. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

Os exercicios realizarase no prazo máximo de 20 días hábiles desde a constitución do tribunal que vulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, o comezo dos exercicios, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Becerreá o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Becerreá.

Os aspirantes deberán presentarse para á realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificados e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, se estará o resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no Art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

10. RELACIÓN DE APROBADOS.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate de puntuacións se resolverá por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requirir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aos propostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o periodo de duración do plan de emprego.

11. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de 2 (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

12.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

13. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:



CONCELLO DE BECERREÁ (LUGO)

R.E.L. nº 01270060 - C.I.F. P-2700600-F

Praza do Concello s/n. C.P. 27640
Tel. 982 36 00 04. Fax 982 36 05 18
<http://www.concellodebecerreia.com>

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Becerreá

O alcalde

Don Manuel Martínez Núñez

ANEXO I.-TEMARIO

TEMARIO TRACTORISTA.

Nocións xerais de tratamentos silvícolas. Roza mecanizada cun tractor en vías e camiños. Normas de seguridade e hixiene de aplicación no traballo en vías públicas e EPIS

ANEXO II.

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN (1) POSTO DE TRABALLO DE **TRACTORISTA** NO CONCELLO DE BECERREÁ, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN A ABEIRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO 2017.

D/a.....provisto/
a de D.N.I. nº..... con enderezo na
R/.....nº.....piso.....
.....

C.Postal.....Localidade.....
.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Becerreá para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, **TRACTORISTA** A ABEIRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO 2017.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións

públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Becerreá para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- o DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- o Permiso de condución en vigor tipo B.
- o Outros

....., de.....de 20...

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BECERREÁ

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE BECERREÁ para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE BECERREÁ na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Praza do Concello s/n 27640 BECERREÁ-LUGO.

En Becerreá

SEGUNDO.- Enviar copia das bases e da convocatoria á Excma Deputación Provincial de Lugo 10 días antes do inicio do proceso de selección para dar publicidade na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, así como outra documentación relacionada co mesmo. Unha vez pasado dito prazo continuarase co procedemento coa publicación das bases na paxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Becerreá.


Ordenao e asíno o Sr. Alcalde.”

Para que así conste expido a presente certificación de orde e co visto e prace do señor Alcalde-Presidente, en Becerreá, 22 de novembro de 2017.

Visto e prace

O Alcalde-Presidente,

Don Manuel Martínez Núñez.



A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long tail, positioned to the right of the official stamp.